CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.	PE	80
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos	TI	20
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Un mundo de cidades	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.	PE	90
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.

## Contidos

- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
12	Desigualdade e cooperación	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.	PE	60
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.	TI	40
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é un dos elementos principais dunha programación didáctica, xa que é o conxunto de ferramentas que nos permiten alcanzar as capacidades e destrezas expresadas nos obxectivos formulados.

O paradigma metodolóxico que orienta esta programación é o construtivismo, corrente metodolóxica que recolle gran parte das aportacións máis importantes no campo da psicoloxía educativa, é dicir: a teoría epistemolóxica-xenética de Piaget, xa que a nosa programación en xeral e as nosas actividades en particular levaranse a cabo tendo en conta o nivel en que se atopa o noso alumnado; a teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel, xa que as unidades didácticas se desenvolverán atendendo aos coñecementos que xa posúen os alumnos/as, polo que resulta de importancia a realización das actividades iniciais antes de comezar calquera unidade didáctica e se tratará de fomentar conflitos cognitivos, e a teoría do desenvolvemento dos procesos psicolóxicos superiores de Vygotski, xa que resaltamos a importancia da relación e interacción co resto dos compañeiros/as, como sucede na elaboración de traballos grupais, cos que se pretende conseguir un óptimo desenvolvemento do pensamento.

Así, nesta programación didáctica entendemos a aprendizaxe como unha construción do coñecemento a partir do que xa se sabe. Será o propio alumno quen leve a cabo, coas orientacións do docente, a construción do seu propio coñecemento a través de actividades que fomenten non só o aumento de coñecementos senón tamén o gusto pola Historia e a Arte.

Os métodos empregados para alcanzar os obxectivos dan lugar a unha metodoloxía ecléctica, xa que non nos decantamos unicamente por un método didáctico, senón que tratamos de escoller o mellor de cada un deles, tratando de motivar e atraer ao alumnado. Eses métodos son os seguintes:

- Método expositivo (lección maxistral, tendo en conta os coñecementos previos do alumno/a). A través deste método realizaremos as introducións e os repasos das unidades, así como as explicacións daquelas partes que consideremos indispensables para unha óptima adquisición dos coñecementos por parte do alumnado.

- Método demostrativo (demostracións prácticas aplicando os coñecementos adquiridos). A través deste método os alumnos/as resolverán cuestións e chegarán a conclusións utilizando os coñecementos adquiridos.

- Método por descubrimento (realización de tarefas partindo de centros de interese). A través deste método os alumnos non só adquiren os coñecementos, senón que tamén desenvolven as técnicas básicas para a investigación histórica, é dicir, a busca de información e fontes, a lectura, a recollida de datos, o contraste dos mesmos e a redacción das conclusións. Este método lograse mediante a elaboración de traballos de investigación, os cales serán descritos con máis detalle no apartado correspondente a actividades de desenvolvemento e actividades de ampliación.

Debemos integrar teoría e práctica tendo en conta que a experiencia de aprendizaxe será máis rica canto máis variados sexan os recursos, os medios e as situacións.

A aprendizaxe, no método construtivista, progresa no proceso interactivo profesor-alumno/a, polo que a figura do docente constitúe un modelo de valores e actitudes. Tamén se produce unha interacción entre alumnos/as a través da aprendizaxe cooperativa, así como outro tipo de agrupamentos:

- Individual. Este tipo de agrupamento é útil para comprobar o nivel do alumno/a, detectar as súas dificultades e valorar o progreso na aprendizaxe persoal, xa que favorece a reflexión, o esforzo persoal e a práctica sobre os diversos contidos de maneira personalizada.

- Pequeno grupo. Este tipo de agrupamento é útil para desenvolver a aprendizaxe cooperativa en traballos grupais como o traballo de investigación.

- Gran grupo. Este tipo de agrupamento é útil para traballar actividades onde participe todo o alumnado, como os debates.

A clasificación das actividades propostas é a seguinte:

- Actividades iniciais. Son todas aquelas que introducen cada unidade e serven de guía ao profesor tanto para comprobar o nivel de partida dos alumnos/as como para recordar os contidos anteriores, é dicir, para favorecer a aprendizaxe significativa. Estas actividades comprenden, por exemplo, preguntas aleatorias entre o alumnado, de forma oral e grupal, sobre contidos xerais vistos ata o momento ou futuros; a realización dunha actividade inicial; a elaboración dun esquema introdutorio dos contidos da unidade, e a visualización dunha imaxe, unha fotografía ou un fragmento audiovisual relacionado coa unidade.

- Actividades de desenvolvemento. Son todas aquelas que facemos durante as sesións de cada unidade didáctica para consolidar os novos coñecementos. Estas actividades comprenden, por exemplo, a análise e/ou a elaboración de textos, mapas e gráficas, a definición de conceptos e, sobre todo, a elaboración de traballos de investigación. Para a elaboración deste, o grupo clase estará dividido e organizado en varios equipos cuxos compoñentes serán proporcionais ao tamaño do grupo clase. Para a elaboración desta actividade, o docente facilitará ao grupo clase unhas pautas e guións de traballo, ademais dun listado coas principais páxinas web ou obras de referencia que poderán consultar para a busca de información.

- Actividades de ampliación. Son todas aquelas actividades dirixidas a alumnos/as cun maior ritmo de aprendizaxe e que xa lograron os obxectivos previstos. Así, este alumnos/as avanza na súa aprendizaxe adquirindo un nivel de coñecementos superior ao exixido. Estas actividades baséanse en pequenos traballos de investigación sobre aspectos relacionados coa unidade didáctica correspondente, como, por exemplo, a análise de problemas políticos, económicos e sociais actuais e a busca de posibles solucións, biografías de personaxes relevantes, análise de obras artísticas ou calquera feito relevante que o alumnado considere interesante e que o docente considere axeitado. Para facilitar a tarefa, o docente aportará diversas pautas de traballo.
- Actividades de reforzo. Son todas aquelas actividades dirixidas a alumnos/as que teñen algún tipo de dificultade. Son actividades de síntese cuxo obxectivo é reforzar os aspectos clave de cada unidade didáctica.
- Actividades complementarias. Son todas aquelas que implican saír do centro, se fora posible, para coñecer o patrimonio histórico, artístico e cultural. Para enriquecer máis as saídas se tratará de facelas en colaboración con outros departamentos.
- Actividades de avaliación. Son todas aquelas realizadas polo alumno/a en cada unidade, incluídos os exames e/ou controis.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material informático
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Material funxible
Prensa

Para poder levar as actividades débese ter en conta a organización dos espazos e os recursos didácticos utilizados. O desenvolvemento das sesións será na aula ordinaria. En canto aos recursos didácticos, podémolos dividir en materiais funxibles (caderno do docente, libro e caderno do alumno, mapas murais, fichas, referencias bibliográficas, encerado, etc.), medios audiovisuais (documentais, fotografías, imaxes, música, películas, etc.) e novas tecnoloxías (aplicacións como GeaCron ou Google Earth, correos electrónicos, páxinas web, presentacións en formato PowerPoint, Edixgal, Abalar, etc.). O caderno do docente terá especial importancia para facer o seguimento individual de cada alumno/a.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do curso faremos actividades iniciais diversas de tipo procedimental, para observar ao alumnado no uso das diversas fontes xeográficas e históricas, tales como a utilización e manexo do libro de texto e de atlas, a lectura en voz alta, a descrición de mapas e imaxes xeográficas e históricas e a interpretación de liñas do tempo; tamén se realizarán

probas sinxelas de coñecemento de vocabulario xeográfico e histórico básico. Esta avaliación inicial acompañarase da observación directa dos materiais producidos polo alumnado así como da información recollida nas reunións do departamento, da opinión do profesorado que coñeza ao alumnado, do apoio do gabinete de orientación e da reunión da avaliación inicial que convoca a xefatura de estudos, para indagar sobre as características do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	60	70	70	65	65	60	80	70	90	80
<b>Táboa de indicadores</b>	40	30	30	35	35	40	20	30	10	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	60	<b>72</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	40	<b>28</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, integradora e individualizada. Interézanos especialmente estar permanentemente informados da aprendizaxe do alumnado e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para tomar decisións na procura dun maior aproveitamento por parte do alumnado para lograr a consecución dos obxectivos do curso. Dentro do proceso de avaliación teremos en conta as probas teóricas, os traballos de investigación, en base á metodoloxía por proxectos, o caderno de traballo na aula, e a actitude e interese pola materia.

Consideramos, por acordo de departamento, que o resultado final da nota de avaliación e do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- Un 70% da nota (máximo: 7 puntos) corresponde ao resultado das probas escritas ou exames e traballos de investigación. Realizaranse probas escritas, preferentemente unha para cada tema, cun mínimo de dúas por avaliación. Nalgúns casos os exames poderán ser substituídos por traballos de investigación por proxectos.
- Un 20% da nota (máximo: 2 puntos) corresponde a avaliación das probas sobre mapas mudos, e dos traballos de investigación individuais ou colectivos.
- Un 10% da nota (máximo: 1 punto) corresponde a avaliación das actividades que se farán no caderno de traballo e/ou Edixgal/ Aula Virtual, ao interese pola materia, manifestadas en: participación no proceso de ensino-aprendizaxe, a través das intervencións na aula; rigor e progresividade nos hábitos de estudo, mediante a entrega en tempo e forma das tarefas, así como na presentación dos materiais de traballo (libro, caderno...).

As notas parciais, das dúas primeiras avaliacións, redondearanse á unidade inferior, pero se terá en conta a nota real, con decimais, para achar a media global do curso, que se achegará á unidade máis próxima.

Tamén compre aclarar que no caso de que o alumnado copie no exames, eses exames serán valorados cunha nota de 0 puntos, tendo a oportunidade de se presentar á recuperación da avaliación pertinente.

O alumnado terá que ter aprobadas todas as avaliacións para promocionar. En caso contrario deberá presentarse a un exame final en xuño, coas avaliacións non aprobadas.

Todas as anteriores consideracións serán expostas ao alumnado durante os primeiros días do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Levarase a cabo probas escritas individualizadas por avaliación nas que os alumnos/as poderán recuperar aquelas partes cualificadas negativamente. Compre aclarar que no caso de que o alumnado copie nestes exames, estes serán valorados cunha nota de 0 puntos, tendo a oportunidade de presentarse á recuperación da avaliación pertinente.

O alumnado terá que ter aprobadas todas as avaliacións para promocionar. En caso contrario deberá presentarse a un exame final en xuño, coas avaliacións non aprobadas.

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo de Galicia, haberá unha proba final en xuño co obxectivo de alcanzar os contidos mínimos necesarios para aprobar a área. O alumnado con avaliacións pendentes realizará actividades de recuperación, baseadas nos contidos mínimos esixibles, que lle permitirán preparar o exame coa finalidade de superar os obxectivos marcados nas programacións.

No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para o alumnado coa materia pendente de anos anteriores, o departamento establece e elabora unha guía de traballo na que se incorporan unha serie de actividades. Esta guía, xunto cos criterios de avaliación se lle comunicará ao alumnado nunha reunión convocada ao efecto. A valoración do traballo realizado servirá para avaliar ao alumnado coa materia pendente xunto cunha proba escrita sobre as actividades realizadas. En caso dunha valoración negativa, o alumnado poderá optar a facer os exames de pendentes programados no mes de xuño.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade é a cualidade humana que nos fai únicos e irrepetibles. No ámbito educativo, a diversidade é, xunto coa igualdade de oportunidades e a solidariedade, un parámetro ao que hai que atender se queremos garantir o exercicio do dereito á educación, polo que é recomendable que o docente coñeza e teña en conta estas particularidades. Nese sentido, a orientación e a atención á diversidade (social, cultural, xeográfica, económica, étnica, relixiosa, sexual, intelectual, motriz, sensorial, etc.) encontran o seu amparo na LOMLOE, no Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño; documento a partir do cal tomamos medidas para atender a aqueles alumnos que presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo e/ou condicións persoais ou de historia escolar, mediante unha dobre vía: a adaptación da enseñanza a esas necesidades e o apoio específico.

De acordo co Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e coa Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes



da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, deseñaremos as estratexias adecuadas para garantir unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Haberá actividades de reforzo, dirixidas a alumnos/as que teñen algún tipo de dificultade, e de ampliación, para alumnos/as cun maior ritmo de aprendizaxe, e faranse agrupamentos flexibles en función das necesidades de traballo.

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acadese un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade								X
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		X
ET.4 - Emprendemento		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursións de interese didáctico	Saídas escolares destinadas a coñecer a contorna en relación cos contidos da materia, especialmente os referidos a xeografía			
Viaxe a algunha cidade galega	Viaxe escolar destinada a coñecer as cidades galegas en relación cos contidos da materia, especialmente os referidos a historia			
Proxección de cine	Visionado de películas relacionadas ca materia			

#### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáse información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área; instrumentos de planificación que coñezo e utilizo.
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo) axustados á programación didáctica e as necesidades do alumnado.
Selecciono e temporizo os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente os estándares de aprendizaxe que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.
Establezo, de modo explícito, os criterios e instrumentos de avaliación e auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao que alcanzan na adquisición das competencias básicas.
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co profesorado que imparte en 2º da ESO e co departamento de Xeografía e Historia.
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación

### **Descrición:**

Para avaliar a nosa práctica docente e os logros da mesma, faremos reunións do departamento periodicamente nas que abordaremos o seguimento da programación prevista, o seu grao de cumprimento, as dificultades atopadas, así como as medidas correctoras que se poidan tomar. Tamén nas reunións do equipo avaliador faremos análises comparativos nos que se analice a consecución dos graos de mínimos de estándares de aprendizaxe na nosa materia e nas demais. En función destes análises sacaremos conclusións e, se procede tomaremos medidas correctoras do desenvolvemento da programación, que se farán constar na memoria de fin de curso. Os acordos, medidas correctoras ou modificacións das programacións produto da auto-avaliación da práctica docente faranse constar en acta.

Tamén elaboraremos informes, os profesores do departamento, despois de cada avaliación no que verteremos as nosas experiencias co desenvolvemento da práctica docente en cada grupo e prestando especial atención aos alumnos con maiores dificultades de consecución dos obxectivos mínimos. En reunións periódicas con xefatura de estudos, avaliaremos tamén a nosa práctica docente e casos específicos nos que puidera haber dificultades, falta de recursos, problemas de organización etc.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Nas reunións periódicas do departamento durante o curso (mínima unha ao mes) faremos unha posta en común sobre o desenvolvemento da programación e a súa posta en práctica.

Anotaremos en actas as dificultades, carencias, problemas, aspectos a mellorar, aspectos que funcionan ben, posibles problemas de temporalización, adecuación de obxectivos, necesidades que detectemos, particularidades específicas dalgúns cursos e grupos, e, por suposto, a avaliación do alumnado e os seus resultados.

### **9. Outros apartados**